

2º e 3º CICLO DE PRIMARIA /  
GUÍA PARA O ALUMNADO

# Visitamos a Casa de Rosalía



CASA DE ROSALÍA

# 1. ROSALÍA

QUEN É ESTA MULLER?



ESCRIBE CINCO COUSAS QUE SAIBAS DELA

# 1. ROSALÍA

COMO CRES QUE VIVÍA ROSALÍA?

DEBUXA 5 OBXECTOS QUE CRES QUE ELA TERÍA CANDO ERA PEQUENA.

QUE CARA CRES QUE  
POÑERÍA ROSALÍA  
POLAS MAÑÁS?

RODÉAA CUN CÍRCULO  
E PENSA POR QUE  
A ESCOLLICHES.



AGORA EXPLÍCALLE Á CLASE POR QUE ELIXICHES ESA CARA.

# 1. ROSALÍA

UNE CON FRECHAS O NOME DE ROSALÍA CON AQUELAS PALABRAS QUE CRES QUE DIN COMO É.



TRAMPULLEIRA

FALANGUEIRA

MALVADA

BONDADOSA

SINCERA

ESPELIDA

LACAZANA

# ROSALÍA

ENVEXOSA

RISEIRA

ESTUDOSA

PAILANA

MENTIRANA

BURRICANA

MODERNA




AGORA RODEA O QUE TI PENSAS

ROSALÍA  
CÁEME BEN

ROSALÍA  
NON ME CAE BEN

## 1. ROSALÍA

ROSALÍA DI QUE NON LLE TEN  
MEDO AO MOUCHO,  
TI CRES QUE DI A VERDADE?  
POR QUE?



TODOS TEMOS MEDOS, QUE CHE DÁ MEDO A TI?

## 1. ROSALÍA

INVENTA UN POEMA, COMO FIXO ROSALÍA, NO QUE AFRONTES UN DOS TEUS MEDOS.

PODES ACOMPAÑAR O TEU POEMA CUN DEBUXO OU FOTOGRAFÍA.

# 1. ROSALÍA


NOS TEMPOS DE ROSALÍA UN  
GAITEIRO OU UNHA GAITEIRA  
ERAN PERSOAS ADMIRADAS.

QUE PERSOAS CRES QUE  
ADMIRAMOS HOXE? ESCRIBE  
EXEMPLOS CONCRETOS.



DEDÍCALLE UN POEMA A ALGUÉN QUE ADMIRES.

## 1. ROSALÍA



ROSALÍA DENDE A SÚA CAMA  
QUERÍA VER O MAR.  
FAI UNHA LISTAXE  
DAS COUSAS QUE  
CHE GUSTARÍA VER POLA  
TÚA XANELA.  
DEBUXA DESPOIS A QUE MÁIS CHE  
GUSTE.



# 1. ROSALÍA

ROSALÍA NUNCA TIVO CASA DE SEU.  
FAI UNHA LISTAXE DAS COUSAS QUE TERÍA A TÚA CASA IDEAL.



AGORA RISCA DA LISTAXE AQUELAS COUSAS QUE NON  
SERÍAN RESPECTUOSAS CO COIDADO DO PLANETA.



RISCA TAMÉN AS COUSAS QUE NON SON REALMENTE  
NECESARIAS.



A LISTAXE DE COUSAS QUE QUEDAN PARÉCENSE Á CASA  
NA QUE VIVES AGORA?

SI

NON



## 1. ROSALÍA

NA COCIÑA DE ROSALÍA IMOS ATOPAR O POTE  
CO QUE FACER O CALDO DE GLORIA,  
QUE ERA A COMIDA DA XENTE POBRE.

SE TI QUIXESES FACER COMO ROSALÍA, QUE  
SE FIXOU NA XENTE MÁIS DESFAVORECIDA DA  
SÚA SOCIEDADE, EN QUEN TE FIXARÍAS PARA  
AMOSAR NOS TEUS POEMAS?



## 1. ROSALÍA

OLLA A FOTO DE  
TODA A FAMILIA DE  
ROSALÍA E MURGUÍA.  
DESCRIBE UNHA  
PERSOA DESA  
FOTOGRAFÍA.



PARA DESPOIS DA VISITA

# 1. ROSALÍA

LEMBRAS O QUE PENSABAS DE ROSALÍA NAS PREGUNTAS DA PÁXINA 4?



A TÚA OPINIÓN SOBRE ROSALÍA SEGUE A SER A MESMA OU MUDOU?  
SE MUDOU, QUE PENSAS AGORA QUE NON PENSASES ANTES DA VISITA?



AGORA RODEA O QUE TI PENSAS

ROSALÍA  
CÁEME BEN

ROSALÍA  
NON ME CAE BEN

## 1. ROSALÍA

VAI ANOTANDO OS OBXECTOS DA CASA  
QUE MÁIS CHAMEN A TÚA ATENCIÓN.  
ENTRE PARÉNTESI PON O NÚMERO DA  
SALA NA QUE SE ATOPAN.



# 1. ROSALÍA

AGORA, XA NA CASA, INVENTA BREVES ESTROFAS NAS QUE APAREZAN TRES DESES OBXECTOS.

EXEMPLOS:





UN PIANO ATOPEI NA CASA DE ROSALÍA  
CANDO O ESCOITEI LEVEI UNHA ALEGRÍA.



IMAXINEI A ROSALÍA DEITADA NA SÚA CAMA  
ESTABA DOENTE E TRISTE  
XA A VIDA REMATABA.

# 1. ROSALÍA

ESTE É O SÍMBOLO DA CASA DE ROSALÍA.  
UNE OS PUNTOS E DESCUBRE QUE LETRA HAI NO CENTRO.



NA CASA DE ROSALÍA VICHES  
A NOSA BANDEIRA.

A BANDEIRA É O SÍMBOLO DO  
POBO GALEGO.  
ESCRIBE NO CADRO SITUACIÓNS  
NAS QUE NOS EMOCIONAMOS AO  
VER A BANDEIRA QUE NOS  
REPRESENTA.



## 2. NO XARDÍN

BUSCA NO XARDÍN E  
DEBUXA AS SEGUINTE  
ÁRBORES DA CASA DE  
ROSALÍA.

LOUREIRO

FIGUEIRA

CAMELIA



CASA DE ROSALÍA

Esta guía didáctica  
foi elaborada por  
**Pilar Ponte (A Profa)**

[rosalia.gal](http://rosalia.gal)

A Matanza, s/n  
Padrón

FUNDACIÓN  
ROSALÍA DE CASTRO

APOIA:



Deputación  
DA CORUÑA